PROPOSTAS PARA UNHA NOVA GALIZA

BASES PARA UN PLAN PAÍS DE RECUPERACIÓN ECONÓMICA, SOCIAL E LABORAL

bng

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

bng.gal | facebook.com/obloque | twitter.com/obloque

ÍNDICE

0. INTRODUCIÓN
1. MEDIDAS DE CONTENCIÓN DA PANDEMIA
1.1. Esixencia dun criterio claro e fiábel para a contabilización das persoas contaxiadas e falecidas por coronavirus
1.2. Plan de desconfinamento galego e decidido na Galiza
1.3. Plan de realizacións masivas de test e creación dun test galego
1.4. Plan nacional galego de rastrexo
1.5. Maior apoio á investigación galega sobre o Covid-19 e outras posíbeis pandemias futuras
1.6. Mellora na produción, distribución e uso do material de protección
1.7. Reforzo do sistema sanitario galego
1.8. Intervención inmediata da totalidade das residencias de maiores por parte da Xunta de Galiza
1.9. Melloras no servizo de axuda no fogar
1.10. Garantías de seguridade laboral no proceso de desconfinamento
1.11. Garantía dun ensino de calidade
1.12. Sanidade universal
1.13. Preparación dun plan de choque ante rebrotes e medidas a medio prazo
1.14. Territorio transfronteirizo
2. MEDIDAS PARA A CLASE TRABALLADORA
2.1. Plan de choque en materia laboral
2.2. Medidas urxentes para autónomos/as
3. MEDIDAS DE PROTECCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL
3.1. Creación da “mesa para a reconstrución económica e social de Galiza”
3.2. Supresión das medidas austericidas aínda vixentes
3.3. Demandar outra política europea
3.4. Mobilización de recursos estatais para a reconstrución económica e social
3.5. Criterios de reparto xustos dos fondos estatais
3.6. Plan galego de emerxencia económica e social
3.7. Plan de apoio á cultura
3.8. Plan de apoio á hostalería
3.9. Plan de apoio ao sector turístico
3.10. Plan de apoio ao comercio de proximidade
3.11. Plan de apoio ao sector agro-gandeiro
3.12. Plan de apoio ao sector pesqueiro e marisqueiro galego
3.13. Plan para o sector do transporte
3.14. Plan de reactivación desde os concellos galegos

INTRODUCIÓN

Atallar as consecuencias negativas da emerxencia sanitaria no ámbito económico e social precisa dun esforzo colectivo que ten de xurdir do noso propio País, da confianza nas nosas capacidades, nas nosas potencialidades e nas nosas forzas.

Galiza non pode esperar que veñan de fóra solucións, ten de actuar en defensa dos propios intereses, que son os da maioría social, os do pobo traballador. Temos experiencia histórica suficiente para saber que a Galiza non pode esperar que os gobernos de Madrid resolvan os seus problemas porque, ademais, a maior parte ten causa precisamente na inserción colonial e dependente do noso País no Estado español. Así pois, a chave radica na capacidade que teña Galiza para determinar as súas propias políticas económicas.

Tampouco se pode esperar nada positivo da Unión Europea, como ficou evidenciado pola actuación que a UE vén mantendo desde o inicio desta pandemia e que a retrata perfectamente como o que realmente é: unha estrutura profundamente antidemocrática e insolidaria ao servizo das oligarquías e, fundamentalmente, dos estados centrais.

Na Galiza xa temos unha longa experiencia histórica do que representou a UE desde que o Estado español se integrou no, naquel entón Mercado Común Europeo, en 1986, especialmente en relación cos efectos devastadores que as políticas impostas tiveron sobre os principais sectores produtivos do noso País: a construción naval, a pesca ou o sector agrario. Agora, coa insensibilidade demostrada cos países e pobos golpeados pola crise social e económica ficou espido o fracaso dun proxecto europeo sustentado sobre o fundamentalismo neoliberal.

A anterior crise agudizou as desigualdades sociais, con grandes corporacións fortalecendo a súa posición e cos ricos agrandando a súas fortunas en canto as maiorías sociais pagaron a factura en forma de recortes, deterioro dos servizos públicos, desemprego, perda de poder adquisitivo e de dereitos laborais, precarización e pauperización das clases populares.

O noso País resultou especialmente prexudicado por esa crise económica, nun proceso que acentuou dificultades estruturais da nosa economía derivadas da dependencia política. O resultado virou nunha especie de crise crónica que se expresa, especialmente, como profunda crise demográfica, emigración, minoración da capacidade do noso sector primario e unha crise tamén no sector industrial moi seria nos últimos anos e meses e que, sen dúbida, se verá empeorada aínda máis polo impacto económico desta emerxencia sanitaria.

A partir desa experiencia, hoxe a maioría social do noso País ten claro que esta nova crise non podemos pagala as mesmas persoas, os traballadores e as traballadoras. Son precisas medidas realmente transformadoras que permitan a obtención dos recursos necesarios para afrontar medidas favorábeis ao pobo galego e tamén os resortes políticos suficientes para poder implementalas.

Aliás, do mesmo modo que as crises afectan os dereitos e o benestar social, tamén o fan aos dereitos democráticos e as liberdades públicas. Ao amparo da situación de excepcionalidade provocada pola emerxencia sanitaria e as medidas de confinamento, produciuse de facto a suspensión de dereitos fundamentais e actuacións que vulneran liberdades recoñecidas. Esta actuación asenta no mantemento de medidas antidemocráticas como a Lei da Mordaza, que arranca da crise anterior mais que aínda está vigorante .

Así pois, o conxunto de medidas que propón o BNG articúlanse arredor de tres vectores fundamentais: soberanía, democracia e xustiza social. E temos claro que na Galiza ningún deles será verdadeiramente posíbel sen os outros dous.

Para poder articular unha proposta de impulso económico que optimice e desenvolva todas as nosa potencialidades como pobo, Galiza precisa poder decidir de maneira soberana sobre os seus asuntos. A soberanía é imprescindíbel para rachar co espolio do noso País e para tomar o control dos recursos que posuímos para que poidan funcionar como motores económicos dunha Galiza que aspira non só a recuperar o estado anterior á pandemia, senón a avanzar en calidade de vida e en benestar.

Temos claro que non é posíbel garantir unha saída social e xusta da crise -o que significa que a maioría social non sexa prexudicada- sen implementar políticas diferentes, algo que só garante a capacidade de decidir. Restaurar a base agraria do País, re-impulsar o sector pesqueiro, optimizar toda a potencialidade industrial, pór a produción de enerxía ao servizo do desenvolvemento social e económico de Galiza, aproveitar o talento apostando na I+D+i como un sector estratéxico ou estimular os sectores emerxentes, require pensar no País e pensar desde o País.

E defender os dereitos democráticos e as liberdades é fundamental sempre, tamén para poder loitar polos outros dereitos, os sociais e os nacionais. Para poder, por tanto, avanzar en calidade de vida e en benestar. Por iso nunca poderemos admitir que esta crise sanitaria sexa aproveitada para confinar ou minguar os noso dereitos e a nosa liberdade.

Enmarcados nestes tres eixos, o BNG formula un amplo e ambicioso paquete de medidas en todos os ámbitos, que van desde as máis inmediatas e conxunturais (especialmente para acabar de atallar a pandemia e resolver as consecuencias directas que provoca) até as de longo alcance e estratéxicas. Todas elas co obxectivo de que desta situación excepcional saiamos, non recuperando a situación que tíñamos antes, senón cunha sociedade e cun País mellor, cunha nova Galiza.

1. MEDIDAS DE CONTENCIÓN DA PANDEMIA

1.1. ESIXENCIA DUN CRITERIO CLARO, FIÁBEL E TRANSPARENTE PARA A CONTABILIZACIÓN DAS PERSOAS CONTAXIADAS E FALECIDAS POR COVID-19

Non se poderán tomar as medidas acertadas nin na intensidade realmente precisa se non se coñece o alcance real do contaxio e o comportamento da pandemia. Para iso, resulta imprescindíbel contar con datos sistematizados e rigorosos, así como transmitir ao conxunto da poboación confianza na veracidade destes (hoxe amplamente cuestionada polas repetidas mudanzas na medición).

Neste sentido, é preciso coñecer unha relación pormenorizada de persoas contaxiadas e falecidas, incluíndo aquelas sospeitosas de teren coronavirus mais que non se lles realizou unha proba PCR ou test rápido.

- Tanto o goberno galego como o estatal deben usar criterios científico-estatísticos válidos e fiábeis que permitan achegar a imaxe máis aproximada posíbel da incidencia real da pandemia e unha fotografía homoxénea e comparábel entre os diferentes territorios.
- A Xunta de Galiza debe facilitar os datos desagregados por Concellos para poder deseñar e planificar desde a Atención Primaria as distintas fases do desconfinamento.
- Os distintos gobernos (galego e estatal) deben facer públicos todos os informes dos equipos técnicos que guían as decisións e medidas que se están a adoptar.

1.2. PLAN DE DESCONFINAMENTO GALEGO E DECIDIDO NA GALIZA

O tempo demostrou que non pechar Madrid e blindar Galiza como solicitou insistentemente o BNG foi un erro.

Esta situación non pode repetirse durante o proceso de desconfinamento que deberá ser deseñado desde o goberno galego con base en criterios científico-sanitarios e tendo en conta a situación epidemiolóxica que existe no noso país.

- Recuperación inmediata de todas as competencias propias da Xunta de Galiza asumidas polo Goberno español con base no decreto de estado de alarma.
- Esixencia ao goberno español dun modelo de desconfinamento non homoxéneo para o conxunto do estado, un modelo de asimetría territorializada.
- Competencias plenas do goberno galego para trazar o seu propio plan de desconfinamento para Galiza.
- O plan de desconfinamento galego tampouco debe ser uniforme para o conxunto de Galiza, senón que deberá estar adaptado aos diferentes niveis de afectación da COVID-19 no territorio galego, tendo en conta a dispersión e densidade poboacional así como as diferenzas entre os espazos urbanos e rurais.

1.3. PLAN DE REALIZACIÓN MASIVAS DE TEST E CREACIÓN DUN TEST GALEGO

O coronavirus veu para se quedar, cando menos, mentres non se atope un tratamento efectivo e non se xeneralice o subministro dunha vacina. Durante o tempo que teñamos que convivir co virus, e especialmente durante o proceso de desconfinamento, será crucial ter a capacidade de poder realizar tests masivos e periódicos á poboación para poder detectar e illar posíbeis novos focos de contaxio e ser quen, con previsión, de enfrontar máis e mellor preparadas calquera posíbel rebrote.

A mellor garantía para o poder facer ben é que Galiza produza o seu propio test (evidentemente homologado e con todas as garantías) e teña laboratorios públicos especializados para a súa áxil análise.

- Impulsar un Consorcio ou grupo galego de investigación en biomedicina e biotecnoloxía contando cos grupos de investigación, as universidades, a Xunta de Galza así como empresas do ámbito privado, cuxo obxectivo sexa a dotación dun sistema de detección da COVID-19 que permita:

    a) A produción propia de test.
    b) A análise dos resultados en laboratorios propios.

- Plan de realización de test masivos ao conxunto da poboación.
- Plan de realización urxente de test en ámbitos especialmente sensíbeis:

1. 100% das persoas maiores en residencias e persoal que as asiste
2. 100% do persoal do SERGAS (sanitario e non sanitario).
3. 100% das persoas traballadoras en centros de traballo de máis de 25 traballadores/as
4. Máximo número posíbel de traballadoras e traballadores de servizos esenciais de especial exposición (policía, bombeiros, persoal de limpeza, persoal de coidados, farmacia, supermercados, transportistas, etc.).
5. 100% das persoas presas en cadeas galegas e funcionariado de prisións que teñan contacto con presos e presas, tamén en centros de menores.
6. 100% das contornas familiares, laborais e contactos das persoas que dean positivo.

1.4. PLAN NACIONAL GALEGO DE RASTREXO

Ao longo dos últimos meses ficou claro que os países que deron unha mellor resposta fronte á pandemia basearon as súas actuacións en dous eixos fundamentais: a detección das persoas contaxiadas, especialmente das asintomáticas, a través da realización de probas masivas e trazando a liña de contactos que, a través delas, estiveron en contacto co virus.

Neste sentido, no proceso de desconfinamento é vital desenvolver test masivos á poboación mais tamén levar a cabo un traballo de rastrexo pormenorizado e sistemático para o que resulta imprescindíbel a:

- Contratación de persoal específico para desenvolver o labor de rastrexo, é dicir, detectar as persoas con que un/unha positivo/a tivo contacto.
- Formación deste persoal, creación de distintos grupos que dean cobertura ao conxunto do territorio e desenvolvemento das ferramentas precisas para facilitar o seu labor.
- Elaboración de protocolos de actuación claros e efectivos para proceder ao illamento desas persoas e as condicións en que este debe desenvolverse.

1.5. MAIOR APOIO Á INVESTIGACIÓN GALEGA SOBRE O COVID-19 E OUTRAS POSÍBEIS PANDEMIAS FUTURAS

O criterio científico é fundamental para poder enfrontar a pandemia, conter o avance do virus e adoptar as medidas necesarias para paliar e mesmo evitar os seus efectos.

O goberno galego debe promover a investigación multidisciplinar en Galiza arredor da COVID-19 e facer uso de todas as instalacións e persoal de que dispón para o impulso de liñas de investigación ou a realización de probas de diagnóstico.

Nesta materia, propomos:

- Crear unha convocatoria con fondos para investigación en COVID-19 e con avaliación de proxectos para potenciar a investigación básica que achegue nova información, transnacional, para contribuír ao desenvolvemento de vacinas, novos fármacos, novos métodos de diagnóstico e prognóstico, estudos epidemiolóxicos, incorporar investigación sociolóxica, etc.
- Facer uso das instalacións e do persoal investigador dispoñíbel, coordinado desde o goberno galego, para a realización de probas de diagnóstico molecular, e estudos destinados a avaliar potenciais tratamentos, validación de probas diagnósticas, etc.
- Investimento público para investigación galega coordinada: xerar unha base de datos pública e aberta que recolla información actualizada dos grupos de investigación e promover sinerxías entre diferentes grupos de investigación en Galiza. Promover a investigación multidisciplinar entre diferentes áreas.

1.6. MELLORA NA PRODUCIÓN, DISTRIBUCIÓN E USO DO MATERIAL DE PROTECCIÓN

Durante o proceso de desconfinamento e a progresiva recuperación da actividade social e económica é fundamental que se garantan as debidas medidas de protección entre a poboación.

A mellor desas medidas é o cumprimento da distancia social e o mantemento dunha hixiene continua de mans, mais non é menor a importancia do uso xeneralizado de máscaras e luvas que deben ser proporcionadas pola administración garantindo que toda a poboación dispoña delas, así como dos Equipos de Protección Individual (EPI) entre as traballadoras e traballadores.

Así pois, propomos:

- A obrigatoriedade do uso de máscara para o conxunto da poboación.
- O subministro gratuíto de máscaras e luvas por parte da administración.

No seu defecto:

1. Control efectivo (e eficiente) dos prezos.
2. Supresión do IVE ou aplicación a estes produtos do super-reducido.

- A produción nacional a través dunha empresa pública do material de protección a medio e longo prazo e, ao tempo, promover que haxa tecido empresarial galego que produza este material: luvas, xel desinfectante, máquinas automatizadas dispensadoras, máscaras (tamén para as crianzas), pantallas de protección, EPI.
- Garantir o subministro do material de protección ás farmacias (tamén das máscaras para crianzas) cun sistema de distribución máis racional e eficiente.
- O uso da rede de farmacias de Galiza e subministro e control das máscaras a través da tarxeta sanitaria.
- O uso do servizo de Correos para subministro de máscaras ás persoas que non se poidan desprazar para conseguilas.
- A fabricación e colocación de dispositivos dispensadores de xel desinfectante en localizacións estratéxicas de vilas e cidades (preto de supermercados, farmacias, estacións de autobuses e tren, etc.).

1.7. REFORZO DO SISTEMA SANITARIO GALEGO

Durante a primeira fase da pandemia, de contención do virus, o elemento sanitario chave foron as Unidades de Coidados Intensivos (UCI) e a atención hospitalaria, porén, durante o proceso de desconfinamento o elemento central será a Atención Primaria.

A Atención Primaria foi unha das áreas máis prexudicadas pola política de recortes orzamentarios da última década polo que se o seu reforzo era necesario antes da pandemia, agora resulta imprescindíbel.

É fundamental dotar a Atención Primaria dos recursos orzamentarios, materiais e humanos suficientes para enfrontar, coa máxima calidade asistencial e garantías, a nova situación. Mais tamén urxe un cambio de modelo, reverter as políticas de recortes e privatizacións e unha actuación urxente de recuperación da Sanidade Pública Galega.

É prioritario estabelecer un modelo de sanidade pública, universal, de calidade e gratuíta. Unha sanidade financiada a través dun sistema impositivo xusto, en que pague máis quen máis diñeiro tiver e non quen máis sanidade necesitar.

Unha sanidade planificada en función das necesidades da cidadanía e non das empresas contratistas da saúde privada, que conte cun financiamento suficiente, e coa participación tanto da cidadanía coma das e dos profesionais. No inmediato:

- Mantemento dos contratados realizados por profesionais para reforzar os cadros de persoal, en primeiro lugar, mentres se manteña a emerxencia sanitaria e, en segundo, mentres se realiza a recuperación da normalidade asistencial en Atención Primaria, ingresos e consultas hospitalarias, probas diagnósticas, intervencións cirúrxicas e minimizar a acumulación das listas de agarda. Para permitir o merecido descanso do persoal, con días a maiores dos que legalmente lle corresponden, na medida que a presión asistencial o posibilite.
- Tomar de inmediato medidas para garantir a protección das e dos profesionais e minimizar os contaxios, coa dotación do material preciso, tanto en calidade como cantidade.
- Estabilización inmediata dos contratos precarios en persoal sanitario.
- Posta en marcha de protocolos en cada unidade e servizo, baseados na evidencia científica, no risco de contaxio, e non na disposición de material.
- Contratación de máis persoal de reforzo. Especial atención á figura de "rastrexadores/as" que serán cruciais no proceso de desconfinamento.
- Preparación da Atención Primaria para a fase de estabilización a través dun Plan dotado con 200 millóns de euros.
- Garantir salas de agarda seguras en materia de distancias (tanto en urxencias hospitalarias coma nos centros de saúde de Atención Primaria).
- Posta en marcha do Plan de Mellora da Atención Primaria partindo dos traballos realizados polas 16 comisións técnicas do Consello Técnico de Atención Primaria de Galiza para a reforma deste nivel asistencial.
- Actualización e publicación das listas de contratación temporal de persoal do SERGAS, en especial das categorías que levan meses ou incluso anos sen facerse: FEAS, auxiliares administrativ@s...
- Manter abertos todos os Centros de Atención Primaria agás por motivos moi xustificados.
- Reforzar os Servizos de Saúde Pública, Epidemioloxía e loita contra as infeccións, con persoal cualificado.
- Reforzo do servizo de ambulancias de Galiza:
    1. Consideración do persoal de ambulancias como persoal sanitario.
    2. Realización de test a todo o persoal. Aumento do número de ambulancias e persoal para adaptar o servizo á situación de crise sanitaria.
    3. Garantir que o persoal dispoña do material preciso tanto en calidade como cantidade para poder desenvolver o seu traballo sen risco de contaxio.

- Criterio e claridade na reprogramación das citas e probas médicas anuladas ou aprazadas polo SERGAS. Facer públicos os datos a respecto de cirurxías, ecografías, resonancias, e das citas con especialistas que se anularon con motivo da situación provocada pola COVID-19.
- Realización dun Plan Galego de saúde mental ad hoc para a pandemia pensado para ese 20% da poboación que se estima pode estar afectada:
    1. Redacción en coordinación co sector (profesionais e asociacións de doentes e familiares) en que se teñan en conta, entre outras, a importancia das medidas preventivas e da Atención Primaria.
    2. Dar resposta acaída ao incremento previsto de doenzas e enfermidades deste tipo por mor do confinamento.

1.8. INTERVENCIÓN INMEDIATA DA TOTALIDADE DAS RESIDENCIAS DE MAIORES POR PARTE DA XUNTA DE GALIZA

As residencias de maiores son o principal foco de risco existente en Galiza, de facto, máis do 40% dos falecementos por COVID-19 no noso país foron residentes. Ao longo deste tempo, mesmo durante o estado de alarma, a competencia sobre estes centros corresponde exclusivamente ao goberno galego.

As diferencias palpábeis nos contaxios e xestión da crise do COVID-19 entre aqueles centros de xestión pública directa e as residencias privadas e concertadas pon en evidencia a necesidade de que a Xunta de Galiza asuma a xestión e dirección dos centros en que se produzan contaxios e que o persoal e persoas usuarias destes sexan consideradas un colectivo prioritario e vulnerábel.

Por esta razón, propomos a:

- Intervención de todas aquelas residencias con casos de contaxios e/ou mortes por coronavirus.
- Realización inmediata de PCR a todo o persoal e residentes.
- Dotar de inmediato de equipos de protección a todas as persoas profesionais.
- Recuperación da concesión daqueles centros de maiores da Xunta de Galiza xestionados por empresas privadas onde se producisen mortes polo COVID-19.
- Cancelación dos concertos de prazas con aquelas empresas ou entidades sen ánimo de lucro onde se constatase o incumprimento da normativa legal.

- Avaliación das infraestruturas dos centros de maiores de carácter privado para determinar as súas posibilidades de medicalización diante de posíbeis rebrotes.
- Pór en marcha un protocolo de atención ás familias, incluíndo un sistema de información estábel, fiábel e diario. Facilitar datos do estado de ocupación e a evolución das persoas residentes.
- Medicalizar de forma efectiva as residencias, con criterios sanitarios, en vez de residencias non adaptadas ou precarias sen os adecuados sistemas médicos para o tratamento das persoas maiores infectadas.
- Garantir medidas de hospitalización para persoas das residencias que o precisaren.
- Arbitrar medidas para axudar as familias que están pagando prazas privadas, agardando por unha pública, que queden sen recursos ou os vexan moi reducidos por esta situación de crise sanitaria.
- Presentar un informe no Parlamento de Galiza onde consten as accións realizadas até o momento nas residencias de maiores así como os expedientes abertos, e as sancións aplicadas perante posíbeis incumprimentos. Esta información deberá acompañar un informe do Consello de Contas sobre a xestión das residencias de maiores en Galiza e as actas de inspección dos últimos cinco anos.
- Elaborar un Plan de nacionalización das residencias de maiores. A atención á terceira idade é un servizo público que debe ser xestionado integramente pola Xunta de Galiza e rematar co actual esquema perverso de privatización directa ou indirecta e de mercantilización desta política asistencial.

1.9. MELLORAS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) é un servizo fundamental para unha parte importante da poboación galega que é ademais, no actual contexto, un dos colectivos máis vulnerábeis ao se tratar de persoas maiores que teñen limitada a súa autonomía.

As traballadoras, na práctica totalidade mulleres, desenvolven o seu traballo en condicións precarias e en moitas ocasións, durante a fase de contención da COVID-19, sen o material de protección mínimo para se protexeren mais sobre todo, para evitar contaxiar as persoas usuarias do servizo.

- Consideración do persoal do SAF como persoal de exposición de alto risco.
- Dotar as traballadoras das medidas de protección laboral axeitadas para que non sexan vector de contaxio das persoas especialmente vulnerábeis coas que traballan, así como para non ser receptoras de posíbeis contaxios.

- Deseño de protocolos claros e asunción por parte da Xunta de Galiza da coordinación deste servizo nos distintos concellos do país.
- Realización de tests a este colectivo, así como ás usuarias e aos usuarios do servizo.

1.10. GARANTÍAS DE SEGURIDADE LABORAL NO PROCESO DE DESCONFINAMENTO

A recuperación progresiva da actividade económica durante o proceso de desconfinamento debe basearse no principio de precaución e de prudencia antepondo en todo momento o criterio científico e a saúde pública aos beneficios empresariais. Así mesmo, deben ser garantidas condicións de seguridade para as traballadoras e traballadores que, aos poucos, volvan aos seus postos de traballo.

Neste sentido, cómpre:

- Elaboración de protocolos por sectores e dunha normativa clara a respecto dos aspectos básicos de seguridade relativa a:
    1. Equipos de protección persoal mínimos esixíbeis.
    2. Distancia de seguridade entre traballadores/as.
    3. Protocolos de limpeza.
    4. Protocolos de uso de espazos comúns (fichaxe, vestiarios, etc.).

- Plan de axudas para a adaptación das empresas ás medidas de seguridade: colocación de mamparas, redución de aforos, sistemas automatizados de desinfección...
- Reforzo da inspección de traballo e a función das persoas técnicas de prevención de riscos laborais.
- Estudo de especificidades e propostas viábeis que combinen seguridade/viabilidade da actividade (camarotes barcos de pesca, salóns de peiteado, fisioterapia, etc.)

1.11. GARANTÍA DUN ENSINO DE CALIDADE

O ensino é un dereito que debe ser garantido ao conxunto da poboación galega en condicións de xustiza social e equidade. Independentemente da renda familias ou do lugar de residencia do estudantado, todo o alumnado debe ver garantido ese dereito.

A suspensión das aulas presenciais e a implantación da teledocencia durante a fase de contención e confinamento puxo en evidencia que o sistema educativo galego non conta cos recursos necesarios.

Existe no noso país unha gran fenda dixital e social que fai imposíbel acceder a unha parte importante do alumnado ás ferramentas virtuais, ao mesmo tempo que o profesorado –a pesar do inxente esforzo realizado-- non conta coa formación nin os materiais necesarios para desenvolver en condicións óptimas o seu traballo.

A finalización do curso 2019/2020 –en termos curriculares-- antes de rematar o segundo trimestre, o distanciamento social que rexerá ao inicio do curso 2020/2021 xunto coa posibilidade dun rebrote do virus no outono, exixen actuar con previsión e planificar o vindeiro ano académico para adoptar as medidas que sexan necesarias co obxectivo de garantir o dereito a un ensino de calidade no conxunto de Galiza.

Neste sentido, propomos as seguintes medidas de planificación e previsión para o curso 2020/2021:

- Plan de distanciamento social para o curso 2020/2021. O curso 2020/2021 deberá comezar con medidas que garantan o distanciamento social tanto nas aulas e demais espazos dos centros de ensino como no transporte escolar e comedores escolares. É preciso planificar estas medidas, seguindo sempre criterios científicos, atendendo a diversidade da xeografía galega (ámbito rural – urbano, ratios estudante – aula) e de maneira dialogada coa comunidade educativa. O plan deberá ser acordado coa comunidade educativa no seu conxunto (organizacións sindicais, ANPAS, organizacións estudantís) e tamén co persoal do servizo de transporte e dos comedores escolares. Contará con dotación orzamentaria e os recursos humanos e materiais necesarios.
- Adaptación dos currículos e outras medidas de apoio. Debe partirse no curso 2020/2021 dunha avaliación inicial individualizada do alumnado, tendo en conta as materias e o desenvolvemento das competencias, de xeito que se deseñe en cada centro un plan individualizado de atención para suplir as carencias existentes. Con base no resultado desa avaliación procederase á reformulación dos currículos que sexa precisa nos distintos niveis educativos. Así mesmo, a Xunta de Galiza debe garantir que todo o alumnado conte cunha conexión a Internet óptima e cos recursos materiais necesarios para o ensino en liña.
- Plan de aumento do profesorado para atender as necesidades específicas e tamén da obrigada adopción de medidas de separación social: profesorado de atención ás NAE, orientadores/as...

- Mantemento dos libros para o curso 2020/2021 e ampliación das axudas de material escolar. Ante a previsión de que se propoña o cambio dos libros de texto de 3º e 5º de Primaria no curso 2020-21 e as dificultades económicas polas que atravesarán moitas familias por mor da crise económica provocada pola COVID-19, débese prorrogar a vixencia dos actuais libros de texto en todos os niveis de ensino obrigatorio cando menos até a normalización da situación. Incremento das bolsas de material escolar e adaptación dos criterios que as regular para garantir o acceso a estas de todas as familias que o precisaren.
- Oferta de emprego público de educación. Garantir que as prazas da oposición non realizada en 2020 se manteñan para o vindeiro ano acumulándose a unha convocatoria de 2021, que precisa ser aínda máis ampla debido tanto ás previsíbeis xubilacións como ás necesidades de aumento de profesorado. Nesa oferta garantirase a posibilidade de que se poidan presentar todas as persoas que na data da súa realización cumpran as condicións requiridas pola lexislación.
- Plan de formación dixital do profesorado dirixido a mellorar as súas competencias no uso de plataformas e recursos dixitais .
- Plan de actuación para o sistema universitario.

A docencia on-line non se pode improvisar. Non se pode converter un curso presencial en on-line dun día para outro, tampouco na universidade, nin do punto de vista da docencia nin da avaliación do alumnado pois, a fenda dixital atopámola na precaria conectividade que existe en Galiza mais tamén na carencia de equipos propios de traballo, como o caso de fogares en que hai un único ordenador para varias persoas da familia, ou en que non hai ningún ordenador.

É fundamental planificar o vindeiro curso universitario e ter en conta, no seu deseño, tanto as limitacións e restricións que se imporán, como o distanciamento social, coas consecuencias que a crise social e económica terá no propio alumnado universitario e as súas familias.

Neste sentido, propomos:

- Mellorar a información que se está a trasladar ao estudantado, PAS e PDI, clarificar e negociar coas organizacións que representan estes colectivos as medidas a adoptar. A Consellaría de Educación deberá garantir un trato xusto, equitativo e consensuado co estudantado para a finalización do ano académico.
- Suprimir as taxas universitarias para o curso 2020/2021 que serán compensadas ás universidades a través do Plan de financiamento do SUG.

- Resposta clara ao futuro daquelas persoas persoas que non finalizaron o seu período de prácticas. Debe garantirse que non existirá unha discriminación laboral futura para as persoas que finalicen estudos en 2020.
- No caso daquelas materias suspensas no curso 2019/2020 non pode supor a perda de convocatoria, isto é, non correrán as convocatorias daquelas materias non superadas, xa que non existe unha garantía de igualdade para todo o alumnado á hora de ser avaliado.
- Incremento das bolsas de axuda ao estudo e reformulación dos criterios destas axudas para garantir o dereito de acceso ao ensino universitario en condicións de equidade ao conxunto da poboación.

1.12. SANIDADE UNIVERSAL

A crise provocada pola COVID-19 fixo visíbel que no Estado español as e os migrantes son forza de traballo mais non cidadás e cidadáns de pleno dereito. A modificación normativa aprobada polo Goberno español para garantir a posibilidade de que poboación migrante se incorporase ao traballo agrario en determinados territorios en que comezaban labores de recolección así o evidenciou. Porén, hai milleiros de persoas en situación de irregularidade administrativa que ven negados, a día de hoxe, os seus dereitos fundamentais e o acceso a servizos básicos como a sanidade.

Neste sentido, propomos:

- Regularización extraordinaria de todas as persoas migrantes sen papeis e solicitantes de asilo no Estado español.
- Resolución favorábel e inmediata de todas as solicitudes e expedientes de asilo e refuxio.
- Liberación inmediata de todas as persoas internas en centros CIE e CETI, tras seren testadas para determinar se están contaxiadas; anulación de todos os expedientes de deportación.
- Recoñecemento do dereito á sanidade pública a aquelas persoas estranxeiras que actualmente carezan dela en Galiza así como aquelas sen seguridade social.

1.13. PREPARACIÓN DUN PLAN DE CHOQUE ANTE REBROTES E MEDIDAS A MEDIO PRAZO

- Redacción dun Plan de actuación máis áxil e contundente ante rebrotes que tome nota dos erros cometidos até o momento e que aborde, de maneira transversal, todos os sectores afectados.
- Ampliación das UCI tras un estudo que determine as necesidades nas distintas áreas e distritos sanitarios galegos.
- Plan de stock de material que evite situacións de escaseza e mesmo inexistencia del en servizos públicos e traballos esenciais.
- Plan de nacionalización de residencias de maiores. Previsión de incorporación paulatina de residencias privadas á rede de residencias públicas.
- Plan nacional galego de voluntariado para pandemias que inclúa formación específica e protocolos de actuación.
- Creación dun servizo especializado en saúde pública, emerxencias químicas e biolóxicas que inclúa a coordinación dos medios existentes (bombeiros, GES, protección civil, persoal de prevención e extinción de incendios forestais...). A creación deste servizo incluirá un Plan de formación e de dotación de medios profesionais.
- Plan de formación e auto-protección da poboación fronte a pandemias e emerxencias sanitarias, e revisión do Platerga (Plan territorial de emerxencias de Galiza).

1.14. TERRITORIO TRANSFRONTEIRIZO

A fronteira galego-portuguesa (principalmente na raia húmida) é a fronteira máis poboada e dinámica de todo o Estado español.

Existen 4 eurocidades (Cerveira-Tomiño, Tui-Valença, Monção-Salvaterra e Chaves-Verín) con dinámicas de cooperación transfronteiriza partillando servizos e relacións socioeconómicas.

Só a fronteira do Miño é o tramo de fronteira onde se produce case o 50% dos movementos de vehículos de toda a fronteira “hispano-portuguesa”, produto da situación xeoestratéxica no centro da Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal cunhas profundas relacións sociais, laborais e económicas non só a nivel local senón tamén a nivel rexional.

Galiza debe ter unha posición clara a respecto do desconfinamento dos territorios transfronteirizos.

- Solicitude de que o peche de fronteiras entre a Galiza e Portugal non vaia en ningún caso máis alá dos estados de alarma ou emerxencia.

- Plan de desconfinamento progresivo en que se inclúa a apertura das fronteiras atendendo ás profundas realidades socio-económica entre Galiza e Portugal.
- Estudo pormenorizado das consecuencias económicas que tivo todo o período de tempo que estiveron pechadas as fronteiras.
- Esixencia á UE de máis fondos de cooperación transfronteiriza para compensar os territorios transfronteirizos das consecuencias que o peche de fronteiras tivo.

2. MEDIDAS PARA A CLASE TRABALLADORA

A crise sanitaria que estamos a vivir pola pandemia da COVID-19 vai derivar nunha crise socio-económica sen precedentes, a escala global.

Esta nova crise colle a economía galega nunha situación moi delicada, derivada dos nefastos efectos, aínda non superados, da crise financeira e económica que se iniciou en 2008 e que supuxo unha importante destrución de emprego, a caída dos salarios, a perda de dereitos e liberdades e o empeoramento das condicións de vida para unha parte importante da clase traballadora galega.

A todo isto contribuíron de forma determinante as políticas económicas e as sucesivas reformas laborais aprobadas polos gobernos españois, do PSOE e do PP, fomentando a precarización do mercado laboral, a través dunha maior desregulación e flexibilización das condicións de traballo, así como o incremento das desigualdades sociais.

Porén, a crise da COVID-19 puxo en evidencia –máis unha vez-- que son, precisamente, as traballadoras e traballadores, quen sosteñen a vida e xeran riqueza. As caixeiras de supermercado, transportistas, o persoal sanitario, as agricultoras e gandeiros, a xente do mar, o profesorado, o persoal das farmacias, das residencias ou dos servizos de limpeza..., foron e continúan a ser esenciais a pesar de ocuparen postos de traballo precarios, moitos deles ocupados principalmente por mulleres.

A economía galega está a ser vítima, tamén, dunha globalización neoliberal que provoca unha perda importante de control sobre a nosa economía, por parte do capital galego, coa perda do sector financeiro, enerxético e de moitas empresas, de diferentes sectores, pasando a mans de capital estranxeiro, en moitos casos fondos de investimento. Todo isto está a acentuar o carácter dependente e periférico, economicamente, da nosa nación.

Galiza é un país con grandes potencialidades derivadas da súa riqueza en recursos naturais, da súa situación estratéxica respecto ao tráfico mundial de mercadorías, da súa experiencia e capacidade en sectores estratéxicos como o sector primario, o naval, o téxtil, o da automoción ou o enerxético (con moita potencialidade na enerxía do futuro como é a enerxía renovábel).Porén, ten limitacións moi importantes derivadas da falta de soberanía, o que limita as nosas competencias e capacidade de resposta á hora de levar adiante políticas favorecedoras do noso desenvolvemento económico e social.

Desde o BNG somos conscientes de que o capital vai tentar saír da crise sen cuestionar para nada o sistema económico responsábel desta, isto é, o capitalismo, e sen cuestionar o actual modelo de globalización imperialista que tan graves consecuencias económicas e sociais está a ter en todos os países, chamados subdesenvolvidos, oprimidos ou colonizados, entre os cales se atopa Galiza.

Temos pois, desde o BNG, que afrontar esta crise desde posicións que impidan que sexa a clase traballadora galega quen, unha vez máis, pague as súas consecuencias, promovendo respostas no ámbito das prestacións sociais que palien o retroceso que se vai dar nas súas condicións de vida, mais sobre todo, temos que facer propostas no ámbito laboral e económico que supoñan mudanzas estruturais no modelo económico e laboral e no papel que cumpre Galiza no contexto do Estado e da UE.

Queremos romper co modelo neoliberal de precarización do mercado laboral, queremos promover políticas públicas que garantan un maior control da economía por parte da sociedade galega e queremos sentar as bases que nos permitan rachar co carácter periférico e dependente de Galiza.

Con base nesta análise e obxectivos, propomos as seguintes medidas a desenvolver, a curto e medio prazo, para enfrontar a saída á crise de forma segura, duradeira e favorábel aos intereses de Galiza e das súas clases populares.

2.1. PLAN DE CHOQUE EN MATERIA LABORAL

- Esixencia ao goberno español de que todo traballador ou traballadora que se viu obrigado/a a ir ao desemprego, como consecuencia da declaración do estado de alarma, fose en forma de ERE, ERTE, dunha modificación de xornada, da rescisión ou finalización de contrato, etc., terá dereito, durante o tempo de duración deste, ao recoñecemento da prestación por desemprego, tivese ou non o tempo suficiente

cotizado, e sen que este período compute como prestación por desemprego consumida. Esta última medida estenderase tamén a aqueles traballadores e traballadoras que durante ese tempo xa estaban cobrando a prestación por desemprego.

- Esixencia ao goberno español de mantemento das medidas de protección social dirixidas ás traballadoras e traballadores alén do estado de alarma e durante o proceso de desconfinamento progresivo.
- Esixencia ao goberno español da adaptación do sistema de prestacións por desemprego ás circunstancias de crise económica, mellorando a prestación contributiva e asistencial e ampliando as situacións protexidas.
- Esixencia ao goberno español da posta en marcha dunha renda de inserción laboral, de contía igual ao SMI, para todas aquelas persoas desempregadas en busca de emprego, maiores de idade, residentes en Galiza e que non perciban ningunha outra prestación a cargo da administración pública.
- Demandar que as empresas cun elevado nivel de beneficios anuais estean obrigadas a manter o emprego dos seus cadros de persoal, con cargo aos seus recursos, especialmente as dos sectores financeiro, enerxético, de telecomunicacións e distribución.
- Demandar do goberno central a fixación dun Salario Mínimo Interprofesional (SMI) equivalente ao 60% do salario medio, como estabelece a Carta Social Europea. Supresión do IPREM e utilización do SMI como referente para o cálculo das prestacións públicas.
- Defensa do sistema público de pensións. Fixación por lei da pensión mínima na mesma contía que o SMI. Xubilación ordinaria aos 65 anos.
- Derrogación inmediata das contrarreformas laborais, da negociación colectiva e das pensións e traballar pola recuperación dos dereitos perdidos como consecuencia destas.
- Levar adiante todas aquelas medidas que permitan dotar de contido e plenas competencias un Marco Galego de Relacións Laborais, tanto no terreo institucional, como lexislativo ou de negociación colectiva, garantido neste caso que todos os convenios colectivos, sexan do sector que sexan, se negocien en Galiza e teñan prevalencia sobre os convenios estatais.
- Promover a redución da xornada laboral até as 35 horas semanais como medida do reparto do traballo, sen redución de salario. Limitar a realización de horas extraordinarias a situacións que foren, efectivamente, extraordinarias e debidamente xustificadas.
- Promover uns horarios de traballo e un tipo de xornada laboral que facilite a conciliación da vida laboral e familiar e o goce do tempo de lecer.

- En materia de contratación, promover a modificación da lexislación laboral para que se esixa o respecto ao principio de causalidade na contratación temporal, así como a eliminación: das subvencións xenéricas á contratación, da figura contractual das persoas autónomas economicamente dependentes, da contratación a tempo parcial non desexada, das empresas multiservizos, da subcontración en cadea e das ETT.
- Rescisión dos contratos da Xunta coas empresas que non cumpran a igualdade salarial e laboral entre homes e mulleres. Incluír nos pregos de contratación garantías sociais e laborais, así como límites ás subcontratacións e ás empresas de traballo temporal.
- Plan Galego contra a Sinistralidade Laboral que fomente a formación en prevención de riscos laborais e o control nos sectores que tenden a un elevado número de accidentes no traballo.
- Demandar do goberno do estado a transferencia da competencia de Inspección de Traballo. Elaboración dun plan de intensificación dos controis, por parte desta, sobre a causalidade da contratación, o cumprimento da xornada laboral legal por parte das empresas, a fraude na contratación especialmente de falsos autónomos, a realización abusiva de horas extraordinarias totalmente abusivas e non remuneradas nin cotizadas ou sobre o control da economía informal.
- Aprobación e desenvolvemento dun Plan Plurianual de Emprego Xuvenil, que conceda preferencia á inserción laboral nos sectores estratéxicos da nosa economía. Elaboración, con participación social e sectorial, dun plan que inclúa medidas específicas e transversais para favorecermos a recuperación da nosa xuventude emigrada.
- Reforzo do Servizo Público de Emprego de Galiza e cumprimento da recomendación da Comisión Europea sobre Garantía Xuvenil, para que as persoas menores de 25 anos reciban unha boa oferta de emprego, formación continúa ou prácticas, nun prazo non superior a catro meses tras quedar en situación de desemprego ou finalizar a formación regrada.
- Demanda da transferencia de todas as políticas de formación continua e de fomento do emprego para Galiza. Potenciaranse os servizos públicos de emprego para a busca activa de traballo adaptándoos ás particularidades socioeconómicas do noso país.
- Estabelecemento da remuneración de prácticas e contratos de formación, cando menos, no SMI.
- Revisión das políticas de fomento de emprego deseñando unha estratexia global que teña como obxectivo a creación de emprego estábel e con condicións laborais dignas.

- Medidas de apoio á constitución de cooperativas ou sociedades anónimas laborais. Promoverase a formación en materia de economía social, así como a participación do sector nos órganos de representación institucional correspondentes.

2.2. MEDIDAS URXENTES PARA AUTÓNOMOS/AS

Galiza, con 135.256 traballadoras e traballadores por conta propia, é o territorio do conxunto do estado con maior porcentaxe, en relación ao número de traballadores/as totais afiliadas a Seguridade Social. É dicir, son máis da quinta parte dos traballadores e traballadoras galegas. Porcentualmente, Galiza ten un 27,3% máis de traballadores e traballadoras autónomos que a media do estado.

O BNG, no marco de contribuír a unha mellora das condicións laborais das autónomas e autónomos, reclamará a ampliación e modificación das coberturas actuais, en materia de cotas á Seguridade Social, no dereito universal a gozar dun período vacacional no exercicio, e a cambios máis obxectivábeis en materia fiscal.

- Axilidade na tramitación das axudas e redución da burocracia das solicitudes.
- Creación, desde a Xunta de Galiza, dunha liña de axudas directas de 2.000 euros para autónomas/os.
- As subvencións percibidas no primeiro ano de actividade económica, ben sexan dirixidas a investimentos ou a gastos correntes, estarán exentas como ingreso na declaración da renda anual.
- A fiscalidade no IRPF para as persoas obrigadas tributarias, suxeitas ao réxime da Estimación Directa Simplificada, debe ter un carácter progresivo sobre os rendementos netos ou beneficios, xerados en cada trimestre, estabelecendo unha táboa por Rendementos netos ou Beneficios até os 12.000,00 euros, de 12.001,00 a 15.000,00 euros, de 15.001,00 a 18.000,00 euros e de 18.001,00 a 24.000,00 euros, aos que se lle aplicarían cotas do 5%, 10%, 15% ou o 20%. Eliminarase, por tanto o actual do 20% que se lles aplica a todas as persoas afectadas por este sistema.
- Rebaixa do IVE no subministro da luz, cunha aplicación do 4% para todas as empresas.

3. MEDIDAS DE PROTECCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL

A magnitude da crise socio-económica derivada da pandemia exixe a creación dun espazo galego de diálogo para abordar un grande acordo de país que sente as bases da reconstrución económica e social de Galiza.

Porén, tamén é preciso derrogar o marco normativo, aínda vixente, herdado da crise de 2008, que impón os intereses do capital por riba dos dereitos sociais e colectivos; que prioriza o pagamento da débeda ao mantemento dos servizos públicos e sobre o cal se sostivo unha política continuada de recortes cuxas consecuencias aínda se manteñen hoxe.

Non será posíbel unha saída xusta e social da crise económica e social que está a provocar a COVID-19 coas mesmas políticas de sempre senón que son precisas políticas ambiciosas que antepoñan os dereitos, a vida, aos beneficios do grande capital.

A crise social e económica desatada por esta emerxencia sanitaria non a poden pagar outra vez as mesmas persoas, as traballadoras e traballadores.

3.1. CREACIÓN DA "MESA PARA A RECONSTRUCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DE GALIZA"

Estará integrada por:

1. Representantes da Xunta de Galiza, deputacións e concellos de Galiza
2. Representantes de todas as forzas políticas con representación no Parlamento de Galiza
3. Principais centrais sindicais de Galiza (obreiras e agrarias)
4. Empresariado e autónomos/as
5. Asociacións de consumidores/as
6. ONGs do ámbito social
7. As tres universidades galegas
8. Representantes do ámbito científico
9. Representantes do ámbito socio-sanitario

3.2. SUPRESIÓN DAS MEDIDAS AUSTERICIDAS AÍNDA VIXENTES

- Derrogación da Lei 27/2013 de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, permitindo o uso do superávit por parte dos concellos.
- Supresión da taxa de reposición de efectivos.
- Modificación do artigo 135 da CE en sentido inverso (blindar "constitucionalmente" a sanidade pública e servizos sociais)

3.3. DEMANDAR OUTRA POLÍTICA EUROPEA

A crise provocada pola COVID-19 deixou en evidencia, máis unha vez, a natureza da Unión Europea. A actuación das institucións comunitarias desde o inicio da pandemia retratou perfectamente que se trata dun proxecto profundamente insolidario, antidemocrático, ao servizo das oligarquías e do mercado.

A UE é incapaz de dar unha resposta áxil e social á enorme crise sanitaria actual e facer dispoñíbeis os recursos económicos precisos para enfrontar a COVID-19 e a crise socioeconómica que deriva da pandemia.

Urxe demandar unha outra política europea que deixe atrás o fundamentalismo neoliberal e poña por riba dos intereses dos mercados e das oligarquías, os dereitos das persoas e, principalmente, das traballadoras/es e dos pobos.

Neste sentido, propomos:

- Urxir á mutualización da débeda.
- Defender a condonación da débeda dos estados cando menos no tramo directamente vinculado á COVID-19.
- Esixir que os rescates que se produzan non teñan a condicionalidade dos efectuados durante a anterior crise financeira.
- Defender que sexa Galiza quen xestione directamente os fondos europeos que lle corresponden, por exemplo, en materia pesqueira e agraria.
- Reclamar regras de xogo claras e “xustas” para os procesos de “nacionalización” de empresas no marco da UE.

3.4. MOBILIZACIÓN DE RECURSOS ESTATAIS PARA A RECONSTRUCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL

- Creación dun fondo extraordinario dirixido á loita contra á COVID-19 que incorpore os recursos económicos procedentes da:

    1. Redución do gasto militar.
    2. Redución da asignación á Casa Real.
    3. Redución da asignación á Igrexa Católica.

4. Redución drástica dos gastos protocolarios e de gastos superfluos.

- Recuperación do rescate bancario en forma de condonación de crédito.
- Estabelecer un imposto ás grandes fortunas e empresas.

3.5. CRITERIOS DE REPARTO XUSTOS DOS FONDOS ESTATAIS

Os recursos económicos que o estado transfira ás Comunidades Autónomas deberán:

- Ter en conta debidamente o envellecemento poboacional, máxime no contexto dunha pandemia onde as persoas de máis idade son as máis vulnerábeis á COVID-19.
- Ter debidamente en conta a dispersión poboacional e o sobrecusto que supón na prestación de todos os servizos, nomeadamente, no ámbito sociosanitario.

3.6. PLAN GALEGO DE EMERXENCIA ECONÓMICA E SOCIAL

O goberno galego e o conxunto de administracións do noso país deben mobilizar todos os recursos orzamentarios e técnicos dispoñíbeis para enfrontar a crise económica e social provocada pola pandemia e desenvolver plans de apoio aos sectores económicos máis prexudicados pola COVID-19 (especialmente polas medidas de confinamento), así como medidas dirixidas a impulsar os sectores estratéxicos da economía galega.

- Reforma dos Orzamentos para 2020 tendo en conta o contexto actual e a necesidade dunha dotación extraordinaria para asumir os custes derivados da COVID-19 e as políticas para combater as súas consecuencias.
- Concentración das partidas e créditos extraordinarios procedentes do estado e Europa nun grande fondo de "rescate social" para, en coordinación coas administración locais, atender necesidades básicas en materia de vivenda, alimentación, subministracións, servizos sociais, etc.

3.7. PLAN DE APOIO Á CULTURA

A cultura representa o 2,5% do PIB galego e por volta do 3% do emprego. Para as estruturas profesionais da cultura galega –autónom@s,micro-pemes e cooperativas sociais na súa

gran maioría- estamos diante dun contexto non só de perda de recursos e ingresos, senón de loita pola propia supervivencia.

Os efectos desta crise do COVID19 poden resultar letais para boa parte dun sector cultural moi castigado polos recortes e as políticas nocivas que o PP desenvolveu nos últimos once anos desde a Xunta.

- Declaración da cultura como ben de primeira necesidade, ao igual que fixeron Alemaña e Francia, partindo do recoñecemento da cultura como dereito.
- Creación dunha Oficina Técnica COVID19CULTURA por parte da Consellaría de Cultura para:
  a) recoller datos e realizar informes sobre a incidencia da crise do coronavirus na cultura galega
  b) prestar asesoramento e asistencia técnica para a obtención de axudas extraordinarias derivadas desa crise.

- Creación dun portal web específico para informar os distintos sectores culturais das medidas e decisións que a Xunta de Galiza ou, eventualmente outras administracións, adopten nesta materia.
- Suspensión temporal do pagamento de cotas de préstamos bancarios concedidos para as empresas culturais e destinados a investimentos en equipamento técnico, vehículos, escenografías e en xeral as necesidades de investimento propias da creación, produción e distribución cultural.
- Redefinición da programación do Xacobeo 2021 para convertelo nunha ferramenta de reactivación e apoio aos sectores profesionais e de base da cultura galega.
- Reclamar do goberno español a redución do IVE cultural do 10% ao 4% e dos cachés do 21% ao 10%.
- Creación dun bono cultural encamiñado a estimular o consumo e deseño dunha campaña de captación de públicos e promoción da cultura galega en todas as súas expresións.
- No que ten que ver dos actos e espectáculos durante o proceso de desconfinamento prever a autorización de determinadas actividades dependendo do aforo e superficie, diferenciando tamén espazos pechados ou ao aire libre. Desenvolvemento das ferramentas tecnolóxicas que faciliten o estabelecemento destas medidas.
- Elaboración de programación da TVG tendo en conta o apoio e visibilización da creación cultural galega nos seus diferentes ámbitos. Desenvolvemento de propostas de apoio á creación de públicos para a cultura galega.

- Non revogar as subvencións concedidas para 2020 aínda que o obxecto destas non se chegase a producir por causa do período de inactividade forzosa e as problemáticas derivadas con orixe na crise do coronavirus.
- Axilización dos pagamentos pendentes por parte das administracións públicas.
- Modificación das bases de convocatorias de subvencións para incluír o pagamento anticipado parcial das subvencións (70% no momento da resolución, 30% no momento da xustificación), como medida para inxectar liquidez no sector cultural.
- Creación dunha liña de axudas específicas para a reactivación da actividade cultural que teñan en conta toda a cadea na creación cultural (provedores, distribuidoras, produción...).
- Creación de liñas de axuda específicas de compensación do lucro cesante das empresas culturais dos diferentes ámbito profesionais, sempre que teña orixe e se derive das medidas de control e prevención do COVID19 adoptadas polas autoridades.
- Creación, por parte da AGADIC e o IGAPE, dunha liña de préstamo especial centrada en financiar as necesidades de liquidez das empresas dos diferentes sectores profesionais da cultura galega.

3.8. PLAN DE APOIO Á HOSTALERÍA

- Exención do pagamento da taxa por terrazas, recollida de lixo, vados e outras taxas e impostos durante o tempo en que permanecen pechados os estabelecementos.
- Exención do pagamento da cota correspondente ás entidades de xestión dos dereitos de propiedade intelectual (SGAE) así como ás plataformas autorizadas pola Liga das cotas correspondentes á retransmisión dos partidos de fútbol, durante o tempo que os estabelecementos estiveren pechados.
- Flexibilización das medidas de apoio social vixentes prolongándoas durante o proceso de desconfinamento progresivo garantindo o mantemento dos postos de traballo.
- Deseño de protocolos hixiénico-sanitarios claros (limpeza, distancia social, medidas de protección, equipos de protección...) adaptados ás distintas tipoloxías de estabelecementos.
- Liña de axudas para a adaptación dos estabelecementos ás medidas de seguridade esixidas durante o proceso de desconfinamento progresivo.
- Deseño dunha campaña que transmita confianza ao sociedade no sector hosteleiro galego.

3.9. PLAN DE APOIO AO SECTOR TURÍSTICO

O turismo representa case o 13% do PIB e xera 123.000 postos de traballo en Galiza e constitúe un dos sectores económicos máis afectados pola crise da COVID-19.

As necesarias medidas de seguridade que deben implantarse no proceso de desconfinamento sitúan o turismo entre os sectores que, previsibelmente, recuperen máis tarde a normalidade.

Porén, Galiza ten potencialidades abondas (patrimoniais, naturais e culturais) para favorecer un modelo de turismo adaptado ás novas circunstancias e máis sustentábel social e economicamente.

- Elaboración de protocolos hixiénico-sanitarios claros e adaptados ás distintas tipoloxías de estabelecementos.
- Plan de acompañamento económico ao sector turístico no proceso de desconfinamento progresivo incluíndo liñas de axudas para a adaptación ás medidas de seguridade hixiénico-sanitarias.
- Reformulación do Xacobeo de 2021 que incorpore o redeseño dos orzamentos da Xunta previstos para 2020.
- Campañas de promoción do turismo adaptadas ás medidas de desconfinamento fomentando o turismo de proximidade e interno.
- Maior cabida ao tecido cultural e comercial galego nos produtos turísticos.
- Deseño, en diálogo co sector, dun novo modelo de turismo enfocado a unha maior calidade e profesionalización do sector.
- Posibilidade de ampliación e de estender o período entre os dous próximos Xacobeos como un único Xacobeo prolongado no tempo

3.10. PLAN DE APOIO AO COMERCIO DE PROXIMIDADE

A COVID-19 supuxo un duro golpe para o comercio de proximidade que viña sufrindo aínda as consecuencias da crise de 2008. Fronte a iso, a pandemia e as medidas de confinamento supuxeron un importante reforzo das grandes superficies de alimentación e das grandes plataformas de comercio on-line, ao xerarse o contexto idóneo para que moitas persoas, que até o de agora non o empregaban, fixesen uso da compra en liña.

É preciso adoptar medidas que apoien e acompañen o comercio de proximidade e os mercados locais no proceso de desconfinamento axudando e favorecendo a súa

adaptación ás medidas de seguridade mais tamén que o impulsen e adapten nun escenario posCOVID19 en que o comercio on-line gañará aínda maior relevancia.

- Elaboración de protocolos hixiénico-sanitarios claro adaptados ás distintas tipoloxías de estabelecementos.
- Liñas de axudas para o acompañamento económico do comercio de proximidade na adopción das medidas de seguridade esixidas (distancia social, mamparas, equipos de protección...).
- Adiamento das rebaixas para o ano 2020 e nova regularización a partir de 2021 consensuada co comercio de proximidade.
- Eximir de taxas tanto á execución das obras como a tramitación administrativa de calquera autorización para a realización destas.
- Apoio público no desenvolvemento de plataformas dixitais e outras fórmulas de adaptación do comercio de proximidade á comercialización en liña promovendo a cooperación entre estabelecementos a nivel local/comarcal ou por sectores.
- Deseño de campañas públicas de apoio ao comercio de proximidade, os mercados locais e os produtos galegos.
- Declaración de Galiza como zona saturada de grandes superficies comerciais e fixación dunha moratoria que impida novas aperturas.
- Reforma da lexislación estatal garantindo o dereito de Galiza a decidir sobre os horarios de apertura, entre outras cuestións.
- Elaboración, en diálogo co sector, dunha nova Lei galega de comercio.

3.11. PLAN DE APOIO AO SECTOR-AGRO GANDEIRO GALEGO

A COVID-19 é un golpe á globalización e unha ameaza para o tráfico de mercadorías. Cada territorio deberá garantir o autoabastecemento en casos de alarma global o que esixirá a produción próxima dos bens de primeira necesidade. Galiza importa a maior parte dos produtos alimentarios, frescos e envasados que consume. Nese sentido, Galiza, a pesar de importantes problemas como o abandono do sector primario nas últimas décadas, superficie abandonada, a colonización do eucalipto, a escasa produtividade das explotacións pequenas ou a falta de competitividade das empresas galegas alimentarias por falta de dimensión e capacidade de distribución conta con evidentes vantaxes comparativas (climatoloxía, superficie fértil, tradición agraria, cooperativismo, etc.)

- Apertura de mercados agro-alimentarios locais de proximidade ligados á terra (km 0). Impulsar os circuítos curtos de comercialización e os mercados de proximidade. Neste sentido a realización dos mercados agroalimentares de proximidade, coas

precaucións e medidas de seguranza necesarias, que por outra parte non poden ser superiores ás que se lles exixe aos supermercados e hipermercados, debe ser a norma para o futuro.

- Reforzar a presenza dos produtos galegos nas cadeas de distribución, mediante políticas públicas (Xunta de Galiza) mais tamén reorientando as estratexias das propias empresas (constitución de agrupacións para a negociación conxunta de paquetes de produtos coa distribución). Ademais a administración galega deberá pór en práctica medidas tendentes a paliar esta situación mediante a compra pública de alimentos que posteriormente poidan ser distribuídos polos servizos sociais entre as familias mais necesitadas de axuda e nos centros públicos, como centros sanitarios ou de persoas maiores. O obxectivo debe ser que polas consecuencias inmediatas non peche ningunha explotación.
- Creación dunha plataforma publico-privada de distribución, mesmo de base cooperativa, que permita canalizar os produtos de pequenos e medios produtores e produtoras, facilitando o acceso dos distintos colectivos de consumidores/as.
- Medidas financeiras e fiscais que mitiguen o impacto dos peches dos circuítos curtos de comercialización nas distintas explotacións. O mesmo para cooperativas, ou adegas que viron pechados os mercados de exportación coa repercusión indirecta sobre as persoas produtoras e colleiteiras.
- Liña de axudas para compensar a caída dos prezos en orixe especialmente na produción de carne de vacún, ovino e caprino e plan de apoio aos sectores que se viron imposibilitados de sacar a súa produción (viveiros, flor cortada, de planta ornamental, pataca...).

1.12 . PLAN DE APOIO AO SECTOR PESQUEIRO GALEGO

As actividades pesqueira e marisqueira foron declaradas polo Goberno español como servizos esenciais. Con certeza, a subministración de alimentos ao conxunto da poboación debe estar garantida por parte dos poderes públicos. Mais neste sector cómpre ter presente:

- O cese de actividade nos plans de explotación nos bancos marisqueiros, a pé, a flote e a mergullo que debe ir acompañada da dotación de compensacións económicas por lucro cesante.
- Definición de normas e protocolos, así como de equipos de protección individual claros e adaptados á realidade do traballo nas embarcacións pesqueiras e de marisqueo a flote. No caso específico da frota do cerco desprazada a Cantabria e

Euskadi, contemplar normas viábeis do transporte de tripulantes entre eses portos e as súas residencias.

- No caso da actividade pesqueira e marisqueira afectada pola caída das vendas destinadas á "canle HORECA" (hostelaría, restauración), tendo en conta o peche dos establecementos, serán obxecto de seguimento e compensación económica, co fin de garantir a súa viabilidade económica e a súa funcionalidade social de produción de alimentos para o pobo.
- Garantir a actividade extractiva pesqueira, de baixura, altura e grande altura, así como os procesos derivados de transformación, conxelado e comercialización en fresco ou procesado, en condicións de plena seguranza e hixiene para mariñeiros, redeiras, lonxeiras/os, traballadoras da conserva, estibadores, etc.
- Campaña institucional de promoción do consumo de produtos pesqueiros e marisqueiros galegos en fresco.
- Plan para o uso de peixe galego en todos os comedores escolares, residencias públicas, hospitais, etc.
- Políticas de distinción do produto propio fronte ao foráneo, de importación. Modificación da normativa en materia de etiquetaxe de produtos pesqueiros para permitir plasmar expresamente a procedencia galega.
- Intervención pública na política de fixación de prezos. Existe unha diferenza brutal entre o prezo obtido en primeira venda en lonxa, e o acadado na venda final á persoa consumidora. En definitiva, entre os prezos de lonxa e, por tanto, nos poucos ingresos para mariscadoras e mariñeiros e, porén, a cifra total obtida na fase final, na tenda ou no supermercado.
- Elaboración, en consenso coas entidades do sector e as organizacións sindicais, un plan galego de futuro para o sector pesqueiro e marisqueiro. Co litoral máis rico e produtivo de toda Europa, córrese o risco de abandono de actividade, mingua produtiva, e pasar a incrementar as importacións, na liña que promove a Unión Europea.
- Xestión directa por parte do Goberno galego dos fondos europeos

3.12. PLAN PARA O SECTOR DO TRANSPORTE

- Gratuidade da AP-9 e das autoestradas dependentes da Xunta de Galiza.
- Apoio ao sector do transporte público: autobuses, trens e taxis favorecendo a mobilidade a través de medios colectivos.
- Melloras para o transporte de mercadorías e loxístico: dotación de materiais e servizos de estacionamento e espazos de hixiene persoal en zonas estratéxicas (áreas de servizo, parques empresariais, etc.).

- Elaboración dun Plan nacional de transportes e infraestruturas atendendo os criterios de racionalidade, sustentabilidade e eficacia.

3.13. PLAN DE REACTIVACIÓN DESDE OS CONCELLOS GALEGOS

O Plan galego de reactivación económica debe delimitar claramente a función de cada administración, ser elaborado con ambición e tendo en conta as características diferenciais da sociedade galega.

Neste senso, a FEGAMP debe ocupar un papel fundamental na negociación co goberno do Estado, servindo como interlocutora das necesidades dos concellos galegos. Debe trasladar propostas de actuación no marco das competencias locais que se elaboren en Galiza, que deberán estar incluídas no Plan galego de reactivación económica.

Así mesmo, as deputacións deben reforzar as súas liñas de actuación na colaboración cos concellos transferindo máis recursos económicos aos municipios a través de plans e programas que garantan transparencia e equidade nos criterios de reparto.

O Plan de reactivación social e económica a nivel municipal debe:

- Situar o coidado das persoas como unha prioridade para enfrontar a emerxencia social derivada da crise.
- Incluír axudas de emerxencia en materia de igualdade, loita contra a violencia machista, axudas económicas aos sectores máis desfavorecidos e a todos aqueles que foron golpeados por esta crise.
- Modificar e adaptar á situación realidade as ordenanzas, regulacións e dotacións orzamentarias de emerxencia social.
- Aprobación dunha moratoria das taxas e impostos municipais para as familias e empresas máis prexudicadas pola crise.
- Fomento da economía local mediante a promoción do comercio de proximidade, restauración, cooperativas, e calquera outra que teña vinculación cos sectores debilitados pola crise.
- Medidas de apoio ao sector cultural, entre elas: a re-programación, cando for posíbel, de actividades e eventos que fosen cancelados; axudas á cultura local e ao asociacionismo de base.
- Axilización do pago a provedores, sobre todo autónomos e pequenas empresas, para que dispoñan de liquidez, efectuando os pagos no tempo mínimo necesario.

- Reforzo da área de contratación administrativa para a posta en marcha do maior número de contratos posíbeis.
- Eliminación da suspensión de prazos para a contratación pública. Unha vez que se permiten órganos de contratación telemáticos (Xuntas de Goberno, Plenos) só se pode entender que se manteña a suspensión/paralización de prazos para a contratación como un mecanismo de contención do gasto público inadmisíbel na situación actual.

bng

BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO